



## Paso das Fundación de Investigación Sanitaria a Fundacións públicas

Dende **CIG-Saúde** levamos dende **principio de ano** solicitando non só información sobre este proceso, se non esixindo que sexan escoitadas as representantes das traballadoras en cales son as condicións laborais nas que temos que pasar a ser persoal público.

Ao non ter tido resposta as nosas solicitudes, **a pasada semana CIG-Saúde** sacou unha nota de prensa que todas recibistes, e entón si Función Pública convocou aos comités para trasladarlle información e escoitar as súas demandas.

- **Cando imos ser persoal público?**

**Dende o 1 de xaneiro do 2024.** Os novos estatutos xa están aprobados polos padroados, ta só queda agora que faga o mesmo o Consello da Xunta. **CIG-Saúde** solicitou que estes se remitan de xeito formal aos representantes das persoas traballadoras e que poidan presentar alegacións aos artigos que afecten ao persoal.

- **Como vai a afectar este cambio ás nosas condicións laborais:**

O 1 de xaneiro **seguimos a depender do convenio colectivo que temos negociado**, o que está en vigor, pero **durante o 2024 negociarase un novo convenio** único como persoal laboral do Servizo Galego de Saúde, incorporando dereitos como os trienios ou a carreira profesional.

- **Que imos ser entón?**

A tódolos efectos somos **persoal laboral público da Xunta de Galicia adscrito ao Servizo Galego de Saúde.**

- **Que reclamamos a CIG dende os Comités?**

1. Que se nos de traslado dunha **relación de postos traballo coa categoría profesional e o vínculo xurídico** co que se vai converter en persoal público.
2. Que se revise todo o **proceso de estabilización**, no que non houbo acordo coa actual dirección, abrindo un proceso semellante ao que se está a producir no resto da administración.
3. Que a continuación de pasar a ser persoal público se abra un proceso de integración SERGAS como persoal estatutario

- **Que pasa co Decreto de Persoal Investigador da Xunta de Galicia?**

Entroulles agora a présa. Presentamos fai oito meses alegación sen obter resposta, nesta semana levamos dous borradores, pero sen resposta ás nosas alegacións.

Principalmente estamos a reclamar que persoal de investigación é todo o que participa en calquera dos niveis do proceso investigador, dende todo o persoal técnico de apoio ao persoal de xestión, ademais dos xa contemplados como os R3 ou R4, polo que tamén estaría afectado por este decreto.

